



O bacharelato para persoas adultas

O bacharelato para persoas adultas

Quen se pode matricular?

Todas as persoas que teñan cumpridos 18 anos antes de finalizar 2012 que posúan o título de ESO ou o título dun ciclo de grao medio, ou que superaran 2º de BUP (cun máximo de dúas materias pendentes).

Que modalidades existen para cursar estas ensinanzas?

- Modalidade presencial.
- Modalidade a distancia semipresencial.
- Modalidade a distancia por medios telemáticos.

Bacharelato presencial

Cal é o período de matriculación?

O mesmo que para as ensinanzas ordinarias. Ábrese tamén un período extraordinario durante a primeira quincena de setembro en todos os centros onde se imparte.

Onde se poden realizar estes estudos?

En 21 centros das catro provincias galegas. Pode consultar máis información na seguinte ligazón: <http://www.edu.xunta.es/web/node/3428>.

Como están organizadas estas ensinanzas?

- O alumnado pode matricularse de materias soltas (sen superar os 32 períodos lectivos semanais) ou de curso completo durante un máximo de seis anos.
- A asistencia é obrigatoria. En caso de ausencia reiterada, pérdese o dereito á avaliación continua.

Bacharelato a distancia semipresencial

Cal é o período de matriculación?

O mesmo que para as ensinanzas ordinarias. Ábrese tamén un período extraordinario durante a primeira quincena de setembro en todos os centros onde se imparte. De quedaren prazas dispoñibles, a dirección do centro poderá autorizar a matrícula fóra de prazo ata o 30 de marzo.

Onde se poden realizar estes estudos?

En 16 centros das catro provincias galegas. Pode consultar máis información na ligazón <http://www.edu.xunta.es/web/node/3428>.

Como están organizadas estas ensinanzas?

- O alumnado pode matricularse de materias soltas (sen superar os 32 períodos lectivos semanais) ou de curso completo durante todos anos que precise ata obter o título.
- En cada materia, hai unha hora de tutoría semanal de asistencia obrigatoria. En caso de ausencia reiterada pérdese o dereito á avaliación continua e o alumnado pasará a estar matriculado no bacharelato a distancia telemático.
- O alumnado dispón dunha guía para favorecer a aprendizaxe autónoma.

Bacharelato a distancia por medios telemáticos

Cal é o período de matriculación?

Do 12 de setembro ata o 31 de outubro. O período extraordinario de matrícula está aberto ata o 30 de abril.

Onde se poden realizar estes estudos?

A través da plataforma educativa do IES San Clemente: <http://www.iessanclemente.net/>, rúa San Clemente, s/n. Santiago de Compostela. Tlf. 981 580 496).

O profesorado do centro trasládase cada trimestre a todos os centros EPA (A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo), onde o alumnado pode realizar os exames.

Como están organizadas estas ensinanzas?

- O alumnado pode matricularse de materias soltas ou de curso completo durante todos anos que precise ata obter o título.
- Non hai tutorías presenciais. O alumnado recibe atención a través da plataforma virtual de aprendizaxe.

Máis información

- educadultos@edu.xunta.es
- Teléfono: 981 546 549
- www.edu.xunta.es/web/ea/



ENSINANZAS DE
PERSOAS ADULTAS